

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Edificios Administrativos, San Caetano s/n

15781 Santiago de Compostela

Asunto: DENUNCIA DEFECTOS DE TRAMITACIÓN no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico) do proxecto de execución LAT 132 kV SET PE Serra da Lagoa- SET PE Navallos (expediente IN408A/2020/117).

Don/Doña _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Primeiro. - O CAPITULO II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle o procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria para a formulación da declaración de impacto ambiental.

O artigo 37 desta lei establece o mecanismo de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas sobre os posibles efectos significativos do proxecto.

Simultaneamente ao trámite de información pública (30 días) o órgano substantivo deberá solicitar os informes preceptivos establecidos no apartado 2 do artigo 37 e que deberán estar debidamente motivado polo organismo emisor.

Unha vez finalizado este prazo, o órgano substantivo (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) ten a obrigaçión de poñer ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas aquelaoutra información distinta da prevista no apartado 3 que só poida obterse unha vez expirado o período de información pública a que se refire o artigo 36 e que resulte relevante para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

É dicir, o lexislador estableceu no apartado 5 do artigo 37 o procedemento de audiencia ás Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas, de todos os informes preceptivos emitidos polos organismos.

Desta forma as Administracións Públicas afectadas e o público interesado terá a posibilidade real de participar desde unha fase temperá nos procedementos de toma de decisións ambientais, a cuxo efecto “terá dereito a expresar observacións e opinións, cando estean abertas todas as opcións, á autoridade ou autoridades competentes, antes de que se adopte unha decisión sobre a solicitude de autorización do proxecto.

Segundo. - Resulta evidente a omisión do trámite de posta ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas de todos os informes preceptivos que resultan relevantes para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto.

Terceiro.- O artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que:

1. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo.

Uns e outros serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución.

2. En todo momento poderán os interesados alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser emendados antes da resolución definitiva do asunto. Ditas alegacións poderán dar lugar, se houber razóns para iso, á esixencia da correspondente responsabilidade disciplinaria.

Cuarto.- Por ANUNCIO do 28 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de liña de alta tensión a 132 kV desde a subestación do parque eólico Serra da Lagoa ata a subestación do parque eólico Navallos, nos concellos de Baralla e Castroverde (expediente 2020/0184), DOG Núm. 64, de 1 de abril de 2022.

O proxecto da liña eléctrica de evacuación do proxecto eólico Serra da Lagoa tramítase aos efectos do estudo e avaliación dos impactos ambientais de maneira separada e independente, nunha clara división artificiosa que impide a avaliación global e conxunta da totalidade dos impactos e impedindo valorar outras alternativas. Véxase ao efecto a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria, do 20 de setembro de 2011. A Xurisprudencia do Tribunal Supremo vén declarando que a significación xurídica dos parques eólicos está precisamente no seu carácter unitario, na necesidade de ter en conta todos os elementos que precise o parque para funcionar, así como a súa incidencia no resto dos existentes; o cal desemboca na esixencia de que os proxectos para autorizacións de parques tramítense considerándoos no seu conxunto, tanto no referente a aspectos técnicos como ambientais.

É o propio Tribunal de Xustiza da Unión Europea o que marca aos Estados membros a imposibilidade de que leven a cabo nas súas normativas unha interpretación restritiva dos proxectos e as súas instalacións. De feito, o fraccionamento das instalacións está prohibido no ámbito comunitario.

A imposibilidade de fraccionamento vén tamén contemplada a través da nota introducida nos Anexos I e II do Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de 2008, na que se di que o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico non impedirá a aplicación dos limiares establecidos nos anexos, a cuxos efectos se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

É máis, a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade, polo que non resultaría posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con tales características para diseccionar del varios dos seus aeroxeradores aos que se lles daría un tratamento autónomo.

Á vista do anteriormente exposto, e na condición de persoa interesada desta parte denúncianse os defectos de tramitación do expediente do **proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico) do proxecto de execución LAT 132 kV SET PE Serra da Lagoa- SET PE Navallos (expediente IN408A/2020/117)**, pola omisión do trámite de posta ao dispor das Administracións Públicas afectadas e das persoas interesadas, dos informes preceptivos que resultan relevantes para os efectos da decisión sobre a execución do proxecto e división artificiosa de proxectos, **SOLICITANDO** á Dirección Xeral de Planificación

Enerxética e Recursos Naturais a adopción das medidas administrativas oportunas, ao obxecto de non incorrer deliberadamente na vulneración dos dereitos constitucionais de participación que asisten.

Baralla, 17 de abril de 2023

Asdo.- _____